

CG/ip

<b>Asunto</b>	Resposta a informe de 05.09.2022 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.	<b>Clave</b>	PE/LU/007/20(3)
<b>Proxecto</b>	Parque eólico Maxal		
<b>Espazo natural</b>	Ningún		
<b>Conca fluvial</b>	Miño – Ulla		
<b>Concello</b>	Rodeiro (Pontevedra), Antas de Ulla e Taboada (Lugo)		
<b>Provincia</b>	Pontevedra - Lugo		
<b>Solicitante</b>	Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	<b>Ref.</b>	2020/0104
<b>Promotor</b>	Galenergy SL.	<b>Ref.</b>	

## I. Antecedentes administrativos.

Mediante nota de 09.09.2022 do Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética - Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, á seguinte documentación:

- Documentos definitivos del proyecto modificado a DXPN.
- Conformidad a informe de 09.05.2022 de DX Patrimonio Natural sobre el EsIA.
- Informe sobre el requerimiento de Palas Negras DIA.
- Shape documento modificado.

O 31.08.2022, o promotor do parque eólico Maxal achegou un escrito ao Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética dando resposta o informe do 09.05.2022 da DXPN na que propón unha alternativa aos requerimientos do informe.

## II. Resumo da documentación.

O 02/06/2022, o promotor presenta a documentación actualizada do proxecto e o estudo de impacto ambiental e outra documentación asociada.



No escrito de resposta do representante legal do parque eólico Maxal, de data 30/08/2022, expón as seguintes consideracións:

I. El promotor aportó, mediante escrito de 02.06.2022 dirigido al órgano sustantivo, los documentos definitivos adaptados del proyecto de ejecución y estudio de impacto ambiental del parque eólico Maxal.

II. Durante la fase de información pública y consultas a organismos ambientales, el proyecto sometido a información pública ha recibido varias modificaciones en las infraestructuras del mismo, modificaciones que consisten en:

- ❖ Desplazamiento de los aerogeneradores MX01, MX04 y MX05 y adecuación del vial de acceso a los aerogeneradores MX01, MX02, MX04 y MX05.
- ❖ Desplazamiento TM y vial de acceso.
- ❖ Modificación de zanjas de canalizaciones eléctricas junto al rego Seixido y rego Saborín.

III. El documento EsIA adaptado al proyecto modificado recoge y valora el impacto ambiental de estas modificaciones derivadas de los informes sectoriales de DXPC y DXPN.

IV. Con objeto de actualizar el informe ambiental de la DXPN al proyecto modificado durante la fase de consultas a organismos.

SOLICITA

Al órgano sustantivo, dé traslado de los documentos definitivos adaptados a la Dirección Xeral de Patrimonio Natural para la consolidación del informe ambiental en fase de consultas al proyecto modificado, y, en concreto, de la siguiente documentación que obra en el expediente:

- ❖ Proyecto de ejecución Parque Eólico Maxal (visado 02.06.2022).
- ❖ Estudio de Impacto Ambiental adaptado al proyecto modificado (firmado 27.05.2022).
- ❖ PE Maxal-Archivo SHP proyecto modificado\_27.05.2022 (registrado 02.06.2022)."



Ao día seguinte, 31/08/2022, presenta un escrito de “Conformidad a informe de 09.05.2022 de DX Patrimonio Natural sobre el EslA”, no que expón:

- ❖ “Que sobre la base de lo establecido en la Ley 8/2009 y la Ley 21/2013, de evaluación de impacto ambiental, se recibió informe de 09.05.2022 emitido por la DX Patrimonio Natural, sobre el Estudio de Impacto Ambiental del PE Maxal, otorgando al efecto, un plazo de 10 días para efectuar las consideraciones oportunas.
- ❖ Que, a la vista de lo expuesto en el informe sobre el estudio de impacto ambiental, la DXPN considera que no es previsible que el proyecto genere efectos significativos, siendo compatible con la preservación del patrimonio natural y la biodiversidad, siempre y cuando se tengan en cuenta varias consideraciones.
- ❖ En cuanto a las consideraciones realizadas en el informe 09.05.2022 de DXPN, el promotor indica las siguientes observaciones:
  - En relación con la revisión de la localización del aerogenerador MX06, indicada en el informe de DXPN, plantea limitaciones técnicas y administrativas referidas al mantenimiento de las distancias mínimas de la localización a núcleos de población (Disposición Adicional 5ª, Ley 8/2009), de solapamiento con aerogeneradores de otros proyectos eólicos en funcionamiento (Disposición Transitoria 6ª, Ley 8/2009) y red viaria existente.

De esta forma, no es posible la localización del aerogenerador sin afectar el borde de una formación de frondosas bien conservada, en una superficie de 3.200 m<sup>2</sup>. Por este motivo, se propone la aplicación de una medida compensatoria consistente en la regeneración mediante plantación de *Quercus robur* y *Quercus pyrenaica* sobre formaciones de brezales secos, preferentemente en zonas de vaguada, a gestionar siguiendo el modelo silvícola SPN (silvicultura próxima a la naturaleza) establecido en la Orden de 9 de febrero de 2021 de la Consellería del Medio Rural y en una superficie del doble de la afectada, esto es, de 6.500 m<sup>2</sup>.



La definición de las zonas a actuar será presentada ante la Dirección Xeral de Patrimonio Natural para su aprobación, una vez quede plenamente definida la planta del proyecto cumpliendo las exigencias de la DIA, y en todo caso, previo a la comunicación de inicio de las obras.

- En relación con el resto de modificaciones planteadas en el informe de DXPN, su aplicación se recoge y valora en los documentos definitivos sobre el proyecto modificado (PEJ actualizado 02.06.2022, EsIA actualizado 27.05.2022).
- En relación a las medidas sobre las aves, en concreto, de pintado en negro de una de las palas de cada aerogenerador, el promotor considera que no sería una medida adecuada para este proyecto. Se aporta nota técnica de la Asociación Eólica Española, de 15.03.2022, que refleja los problemas técnicos, legales, medioambientales y comerciales de esta propuesta de pintado.
- En base a las consideraciones efectuadas, el promotor está dispuesto a implantar medidas como las indicadas en el informe de DXPN o de análoga eficacia, previa validación de las mismas por esa Dirección Xeral.”

### III. Análise da documentación.

---

Examinada a documentación recibida e considerando a información dispoñible nesta dirección xeral, realízase a seguinte análise:

- O promotor adxunta ao EsIA as capas SIX das principais infraestruturas proxectadas para a nova configuración do parque eólico. Presenta unha modificación da disposición dos aeroxeradores e redes viarias, o desprazamento do aeroxerador MX01 a 310 m e MX04 a 142 m e MX05 a 29 m aproximadamente, así como as da torre meteorolóxica.

Considérase que son desprazamentos mínimos que non implican maiores afeccións ao medio ambiente na zona.

- En relación á solicitude de modificación de posición do aeroxerador MX06 que afecta a 3.200 m<sup>2</sup> de frondosas ben conservadas, o promotor observa que existe



unha limitación de distancia por solapamento con aeroxeradores doutros proxectos eólicos en funcionamento.

Polo tanto propon manter o aeroxerador MX06 no seu posición inicial e aplicar unha medida compensatoria de rexeneración mediante plantación de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* nunha superficie do dobre da afectada, o sexa 6.500 m<sup>2</sup>.

Acéptase a solución.

- En relación o pintado de negro dunha das pas de cada aeroxerador, o promotor considera que non é a medida máis adecuada para este proxecto. Presenta un documento da Asociación Eólica Española, onde reflicte os problemas técnicos, legais, ambientais e comerciais desta proposta de pintado.

En primeiro termo, respecto as implicacións ambientais que recolle o citado documento, convén efectuar unha aclaración en relación ao estudio "*Paint it black: Efficacy of increased wind turbine rotor blade visibility to reduce avian fatalities*. May R. et al", afirmación que sinala que "*el estudio comprobó la reducción de la mortalidad de la perdiz blanca de sauce, sin poder evaluar el efecto que ha tenido en otras especies de aviafuna local*".

En relación a esta afirmación sinalar que non se corresponde co contemplado no estudio á cal se atribúe, é máis, o estudio destaca que:

- ❖ A perdiz nival foi excluída de este estudio porque se esperaba que chocaran coa torre da turbina, por moito que se rexistrase igualmente o seu comportamento.
- ❖ E, contrariamente ao sinalado, o estudio, en reiteradas ocasións, sinala que este determinou unha redución significativa na taxa de mortalidade anual (> 70%), para unha grande variedade de aves, sobre todo rapaces.

Así mesmo indicar que o estudio ten como base outros anteriores, entre os cales ten un lugar destacado o de "Hodos 2003, Minimization of motion smear: Reducing avian collisions with wind turbines", no cal recomenda "probos de campo cun patrón negro sólido dunha soa folla para determinar a súa eficacia na redución de mortes, xa que ese patrón resultou ter mellor no maior efecto na



redución do enmascaramento producido polo movemento”, así mesmo tamén indica que “A provisión de sinais visuais "pasivos" pode mellorar a visibilidade das pas do rotor, o que permite ás aves realizar unha acción evasiva ao seu debido tempo. Os experimentos de laboratorio indicaron que pintar unha das tres pas do rotor de negro minimiza o enmascaramento producido polo movemento (Hodos 2003)”.

En todo caso, considerando a aplicación no parque eólico de Smøla, é posible o pintado en negro dunha das aspas de cada un dos aerogeradores, polo menos en 2/3 desde a punta da pa.

En todo caso, as limitacións dun fabricante non engloban a totalidade dos fabricantes de aerogeradores. De feito é coñecido que en España hai empresas que xa están adoptando estas medidas.

#### IV. Conclusións.

---

Á vista dos antecedentes e dos datos achegados:

- Infórmase favorablemente os cambios realizados na configuración do parque.
- Acéptase manter a posición do aerogenerador MX06, condicionado á plantación proposta, sempre que se realice antes dun ano desde a posta en funcionamento do parque eólico. A localización final será aprobada previamente por esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural.
- En canto ao pintado en negro, reitérase a necesidade de implementar esta medida nos seguintes termos:
  - ❖ En todo caso é posible como medida disuasoria pasiva, o pintado en negro dunha das aspas de cada un dos aerogeradores, polo menos en 2/3 desde a punta da pa.

O plan de vixilancia ambiental medirá a mortalidade observada neste parque e a comparará coa mortalidade dos parques lindeiros xa existentes (con aerogeradores sen pintar) para informar si a medida é ou non eficaz, e para que especies.



A eficacia desta medida foi probada con éxito no parque eólico Smøla, cuxos resultados se publicaron en "*Paint it black: Efficacy of increased wind turbine rotor blade visibility to reduce avian fatalities*". May R, Nygård T, Falkdalen U, Åström J, Hamre Ø, Stokke BG. *Ecol Evol.* 2020;10:8927–8935. <https://doi.org/10.1002/ece3.6592>".

Finalmente engadir que:

- De acordo con información achegada a esta Dirección Xeral por parte de AESA o pintado dun dos álabes das turbinas eólicas de cor negra é admisible e pódese incluír como condicionado de sinalización nas resolucións de servidumes. AESA sinala que a cor por defecto é branca, pero, despois dunha análise de seguridade, comprobouse que ese cambio non impón riscos á seguridade aérea.
- Respecto ao impacto paisaxístico e turístico, nesta cuestión indicar que prevalece a conservación das especies.

O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos debendo cumprir o establecido no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de  
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas

